

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	39
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	40
6. Medidas de atención á diversidade	42
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	46
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	48
9. Outros apartados	49

1. Introducción

A contextualización socioxeográfica do noso centro de ensino remítenos a unha área, a comarca de Fisterra -aínda que tamén con alumnado de bisbarras limítrofes (Mazaricos, Vimianzo, Camariñas...) caracterizada por un substrato socioeconómico rural, mariñeiro nalgúns casos (nomeadamente Muxía e Fisterra) vilego, administrativo e comercial noutros (Cee e Corcubión) e preferentemente rural-labrego no alumnado procedente de Dumbría, Mazaricos ou Vimianzo.

En canto á situación sociolingüística do noso alumnado é preciso lembrar a boa disposición xeral cara á materia e o satisfactorio punto de partida no tocante á lingua inicial e habitual da maioría do alumnado. Con todo, son cada vez máis os alumnos e alumnas -principalmente das vilas de Cee e Corcubión, aínda que tamén de Fisterra- cun perfil lingüístico castelán e un abraiante descoñecemento da lingua propia. Non é o caso do alumnado procedente dos outros concellos de influencia: Muxía, Dumbría, Mazaricos...

A maior parte dos 23 alumnos que temos no grupo actual de 4º de ESO procede dos concellos de Cee (13) e Corcubión (6). O catro restantes proceden dos concellos de Fisterra (3) e de Muxía (1). Moitos son das propias vilas, mais non todos.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Agora, a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e dáselle un protagonismo máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Entre os principais obxectivos están aqueles que se basean no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, e especialmente cara a lingua galega, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos, tomar conciencia da situación da lingua propia de Galicia e estimular a reflexión interlingüística.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa continuidade do achegamento á literatura galega e ten a responsabilidade engadida de ser, para moito do noso alumnado, o último contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura. Ademais, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribuiranse en catro bloques, seguindo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 26 de set. 2022

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural nos séculos XX e XXI.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos

títulos dan conta do núcleo temático ao redor do cal van xirar. As devanditas unidades, están articuladas segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Convén sinalar que cada unidade comeza cunha epígrafe chamativa, que en moitas ocasións, mais non sempre, se corresponderá co título ou o inicio dun texto literario característico da etapa da historia da literatura galega que se abordará na mesma. En cada un dos trimestres, á hora de nos achegar a calquera temática, será o traballo coa oralidade a liña fundamental de actuación para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Ben é certo que a comprensión, interpretación e xuízo crítico ante manifestacións de variado tipo e plasmadas en comentarios escritos nos que se busque a coherencia e a cohesión no discurso, así como o coidado no emprego do idioma terán un peso relevante no desenvolvemento desta materia.

Salientamos tamén a existencia dunha obra de lectura proposta para cada trimestre, que buscará o achegamento a mostras representativas do noso corpus literario. Valoraremos, á hora da súa escolla, a incorporación de autoras e autores clásicos do s. XX, a inclusión de temáticas actualizadas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

Nestas competencias clave intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais, imprescindibles para a convivencia, para combater desigualdades e violencias, e para a empregabilidade futura dos nosos mozos de hoxe, que deberán traballar nun ámbito variable no que será necesario saber adaptarse aos cambios.

Deben desenvolverse ao longo de toda a vida dunha persoa, comezando nunha idade temperá. A educación, a formación e a aprendizaxe permanente de gran calidade e inclusivas ofrecen a oportunidade de adquirir competencias clave a todas as persoas, polo que poden utilizarse propostas en todos os contextos de educación, formación e aprendizaxe ao longo da vida.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, a súa empregabilidade, integración social, estilo de vida sostible, éxito na vida en sociedades pacíficas, modo de vida saudable e cidadanía activa. Estas desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, o medio e outras comunidades.

Todas as competencias clave se consideran igualmente importantes; cada unha delas contribúe a unha vida exitosa na sociedade. As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións. Estas solápanse e entrelázanse: determinados aspectos esenciais nun medio apoian a competencia noutro. Entre as competencias clave intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	En pé!	<p>Tras unha avaliación inicial, e de presentar un esquema do conxunto das etapas da Historia da literatura galega, a unidade bota a andar apoiada no contexto político e social no que xurdiu e se desenvolveu a literatura do primeiro terzo do s. XX en Galicia. Centrarémonos na historia social da lingua galega dende 1916 ata 1936. O autor representativo será Ramón Cabanillas e na escolma reflexionarase sobre textos de Cabanillas, Antón Villar Ponte e Antón Noriega Varela.</p> <p>Afondarase nos xéneros xornalísticos de opinión e aspectos relevantes como o editorial, o artigo de opinión e a columna. Abordarase o vocabulario das viaxes. No</p>	15	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	En pé!	que atinxe á ortografía e sempre coa finalidade de que o alumnado afronte a mellor creación de textos propios, explicaremos a puntuación co punto (.), coma (,) e punto e coma (;).	15	14	X		
2	Galicia atopa a súa conciencia	En canto á literatura, afondarse nos tempos do Grupo Nós e autores representativos como Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e na escolma reflexionarase sobre textos dos mesmos. A partir da lectura dos textos «Cando Bieito quedou orfo» e de «Xa van alá moitos anos» de Castelao (Cousas) realizaranse actividades relacionadas coa comprensión dos mesmos, coa expresión oral favorecendo a oralidade e rematarase este bloque coa expresión escrita integrando campos semánticos, parágrafos. Afondarase nos xornais dixitais. Abordarase o vocabulario relacionado co urbanismo e a construción. Continuaremos cos signos de puntuación: dous puntos (:), puntos suspensivos (...), signos de interrogación (¿?) e de exclamación (!)	10	11	X		
3	"Máis alá!"	Este apartado afondará sobre as vangardas e a xeración de 1922 e nas obras de Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio, Rafael Dieste, e na escolma reflexionarase sobre textos de Amado Carballo, Manuel Luís Acuña, Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey. A partir da lectura do texto «Adeus», de Manuel Antonio e «O galo» de Luís Amado Carballo. realizarán actividades relacionadas coa comprensión escrita dos textos, coa expresión oral favorecendo a oralidade e rematarase este bloque coa expresión escrita integrando a elipse e a redundancia. Presentarase o vocabulario relacionado coa Administración Pública e a cidadanía. No terreo da ortografía, achegarémonos ao uso das maiúsculas e minúsculas.	10	10	X		
4	Tempos de represión	Este apartado afondará sobre a Galicia na Guerra Civil e na ditadura (1936-1975) e tamén sobre a literatura do exilio. Do mesmo xeito, existirán exemplos de obras de Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor e na escolma reflexionarase sobre textos de Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor. A partir da lectura do texto «Os	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Tempos de represión	<p>biosbardos», de Eduardo Blanco Amor, poñemos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a análise dun texto literario narrativo. Achegarémonos ao vocabulario relacionado cos utensilios de cociña e os electrodomésticos. Centrémonos na historia social da lingua galega dende 1936 a 1978. En canto á ortografía, abordaremos as abreviaturas e as siglas.</p>	10	8		X	
5	A ficción prosística en tempos escuros	<p>Este apartado abordará a narrativa de posguerra e as novas voces. Do mesmo xeito revisaranse as propostas literarias de Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, María Xosé Queizán. Na escolma os textos para reflexionar serán de Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, María Xosé Queizán, Carlos Casares. A partir da lectura do texto «Os camiños da vida» (banda deseñada) de Jacobo Fernández Serrano poñemos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita. Afondarase nos textos teatrais. Afrontaremos o vocabulario relacionado coa xustiza. En canto á ortografía, abordaremos os acrónimos e os símbolos.</p>	10	12		X	
6	Longa noite de pedra	<p>Achegarémonos á poesía da Xeración do 36, os poetas da Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais ou a Xeración dos 50. Do mesmo xeito revisaranse os máis salientables como Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Bernardino Graña, Xohana Torres e Celso Emilio Ferreiro. Na escolma, comentaremos textos de Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Antón Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Luís Pimentel, Xohana Torres e Luz Pozo Garza. A partir da lectura de «Banda» de Manuel María e «Carta á miña muller» de Celso Emilio Ferreiro poñeremos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita. Afondarase na música en relación coa poesía galega. Achegarémonos ao vocabulario relacionado coa descrición do carácter. Centrarémonos na planificación lingüística</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Longa noite de pedra	en canto á normativización, normalización e superación de prexuízos. Polo que atinxe á ortografía, diferenciaremos: Porque, porqué, por que senón, se non.	10	13		X	
7	Ábrense portas	<p>Este unidade versará sobre a literatura na Galicia contemporánea de 1975 á actualidade. Do mesmo xeito revisaranse os autores máis salientables deste período facendo fincapé nas voces femininas e autores que consolidan a literatura infantil e xuvenil. Na escolma revisaranse textos de Suso de Toro, Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre. A partir da lectura dos textos «Os sete círculos» de Andrea Maceiras (Que me pare o corazón se te esquezo) poñeremos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita.</p> <p>Afondarase no texto argumentativo. Esta unidade abordará o vocabulario relacionado co comercio.</p> <p>Centrámonos na historia social da lingua galega dende 1978 á actualidade. Situación sociolingüística actual.</p> <p>Aproximarémonos á variación interna das linguas. A variación xeográfica. A variación social e situacional. Polo que atinxe á ortografía, diferenciaremos: Hai/ai/aí. Haber/a ver.</p>	13	13			X
8	O inefable	<p>Este apartado afondará na poesía galega de 1976 á actualidade. Poetas de comezos do século XXI. Do mesmo xeito revisaranse os autores máis salientables deste período facendo fincapé nas voces femininas e autores que consolidan a poesía actual. Na escolma revisaranse textos de Miguel Anxo Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Gonzalo Navaza, Xosé María Álvarez Cáccamo, Alfonso Pexegueiro, Ana Romaní, María do Cebreiro, María Reimóndez, Chus Pato, Alba Cid, Yolanda Castaño, Ismael Ramos.</p> <p>A partir da lectura dos textos «Televisión» de Manuel Rivas (Ningún cisne), «O inefable» de Olga Novo (Feliz idade) poñeremos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita.</p> <p>Afondarase nos textos relacionados co currículo e os contratos.</p> <p>Abordaremos o vocabulario relacionado co mundo do traballo.</p> <p>Centrarémonos na elaboración e función da</p>	12	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O inefable	variedade estándar. Afrontaremos algunhas dúbidas léxicas.	12	14			X
9	Puro teatro	Este apartado afondará sobre o teatro dende 1973 á actualidade a través do Grupo Abrente, a promoción dos 80, a promoción dos 90. Tamén mesmo xeito revisaranse os autores máis salientables deste periodo. Na escolma revisaranse textos de Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó. A partir da lectura de textos publicitarios, poñeremos en práctica a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e afondarase nas características deste tipo de textos. Abordarase o vocabulario relacionado coa gastronomía e os restaurantes. Centrarémonos na lusofonía e a súa importancia no século XXI. Polo que atinxe á ortografía, veremos a escrita dos números.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	En pé!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	100
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	A rapazada é quen de recoñecer a diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna e de Galicia, , particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, sabe realizar traballos e tarefas de investigación sobre propostas dadas previamente.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e procura entregar os seus textos sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras, mais tamén incorreccións léxicas, gramaticais e ortográficas acaídas ao seu nivel).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, tras a lectura de textos de variado tipo, realiza unha análise e comentario literario apropiados, que responderán a un modelo preestablecido.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumno sabe escoller textos en base aos seus gustos, razoando a selección.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	A rapazada é capaz de ofrecer unha interpretación dos textos aos que se achega, fundamentalmente a poesía do 1º terzo do s. XX.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é quen de revisar textos propios, aplicando os coñecementos adquiridos no ámbito da reflexión sobre a lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para ver a diferenza entre unha palabra polisémica e unha homónima. Comprobará o uso connotativo e denotativo das palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
2	Galicia atopa a súa conciencia	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumno é consciente dos prexuízos con respecto ás linguas e adopta unha postura crítica cara aos mesmos.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O rapaz amosa habilidades e destrezas para expoñer certos temas de maneira oral e seguindo un guión previamente deseñado por el mesmo.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e procura entregar os seus textos sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras, mais tamén incorreccións léxicas, gramaticais e ortográficas acaídas ao seu nivel).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, tras a lectura de textos de variado tipo, realiza unha análise e comentario literario apropiados, que responderán a un modelo preestablecido.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nun texto narrativo o tipo de narrador, o contido e o tema, procedementos retóricos, formas do discurso, tipo de texto, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	A rapazada é capaz de ofrecer unha interpretación dos textos dos autores dos tempos da Xeración Nós e das Irmandades da Fala. Poñerán en relación os devanditos textos coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte do momento dunha maneira satisfactoria.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é quen de revisar textos propios, aplicando os coñecementos adquiridos no ámbito da reflexión sobre a lingua.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	A rapazada é capaz de amosar unha relación entre os obxectivos da comunicación e as escollas lingüísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas. Serán quen de afrontar a clasificación das palabras segundo a súa morfoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de

Contidos

- xénero. Visibilización do univers
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O profesorado realiza unha avaliación inicial durante todo este principio de curso, que estes últimos cursos quizais se fan máis necesarias que nunca. De feito na Resolución do 17 de xuño de 2021 sinalase que este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Ambos aspectos foron examinados durante as primeiras semanas polo profesorado que constitúe este Dpto. didáctico. En canto ao apdo. b, traballamos en colaboración co Dpto. de Orientación, titores e o resto do profesorado que dá clase en cada un dos cursos que impartimos docencia.

As probas-cuestionarios iniciais realizados estaban deseñados para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Ao mesmo tempo, procuraban descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas cualidades, preferencias e afeccións para aproveitelas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se han desenvolver.

A avaliación inicial consta de varias partes que contemplan a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos á historia da literatura, ao coñecemento da lingua e á sociolingüística que o profesorado acha convenientes. Co este fin non se realiza unha única proba, senón que se desenvolven unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño das mesmas non falta unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta dalgún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión e expresión escrita e outros aspectos.

Como xa se indicou anteriormente, na presente programación esta avaliación inicial serve, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén se emprega para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave. Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización desta Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado participamos na proposta de estratexias a seguir nas xuntanzas de Pre-Avaliación dos grupos da ESO, que se celebraron hai unhas semanas.

De maneira xeral, nos inicios de curso, o Dpto. de Orientación, tras todas estas xuntanzas e ante uns posibles resultados que amosen dificultades nalgún alumno ou alumna, marca unhas estratexias que deberán seguir estes pasos:

- Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas.
- Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.
- Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara ao seu propio proceso de aprendizaxe.
- Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
- Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos de investigación programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.
- Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertendo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación. Estas tarefas deberán incidir na comprensión e produción de todo tipo de textos.
- Adecuación dos Criterios de Cualificación á situación do alumnado con medidas de reforzo, para mellorar o rendemento da súa aprendizaxe.
- Centrar o proceso de aprendizaxe deste alumnado nas súas fortalezas, integrando os contidos mínimos para acadar unha avaliación positiva no desenvolvemento das competencias que mellor teña adquiridas.
- Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.
- Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

As Tareas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, se for o caso, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	10	10	10	13	12	10	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

1. Xerais:

1.1. Tal e como vén de establecer a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Tras elas, a cualificación definitiva da materia farase efectiva nunha avaliación final de curso diferenciada da terceira.

En primeiro lugar, cómpre destacar que se dará por aprobada cada unha das avaliacións, cando o alumno ou alumna acaden un mínimo dun 5 na cualificación global da mesma. En segundo lugar, queremos precisar que a materia, ao primaren nela contidos de tipo progresivo e acumulativo, avalíase dun xeito continuado, de maneira que non serán precisas as recuperacións formais, xa que, en cada avaliación, estarán tamén presentes contidos doutras que se consideran troncais para superar esta disciplina. Isto permitirá que cada avaliación aprobada conleve recuperar a anterior, no caso de atoparse aquela supensa. Evidentemente, esta materia obxecto de exame, presente nas probas, explicitaráselle previamente e con claridade ao alumnado, quen será coñecedor da mesma.

1.2. Para a cualificación en cada avaliación e a final do curso académico, teranse en conta todas as anotacións recollidas no Caderno de seguimento individual do alumnado, que servirán para acreditar o dominio dos contidos da

materia que se demostraron en: chamadas de aula para intervir, tarefas realizadas, controis, exames, exposicións, traballos programados, libros de lectura e, en definitiva, na progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Serán tidos en conta tamén o comportamento, a asistencia proveitosa e activa ás clases (presenciais e/ou virtuais) alén do talante e comportamento amosados. No caso de que a situación sanitaria levase a un ensino non presencial, o traballo telemático pasará a ser valorado, medido e controlado do mesmo xeito.

2. Específicos:

2.1. Para obter a nota en cada unha das tres avaliacións parciais, esta calcularase de acordo cos parámetros que se pormenorizan a continuación:

- Exames e probas, tanto orais como escritas, así como traballos elaborados que impliquen unha dedicación importante → 100% da nota. Este apartado á súa vez divídese deste xeito:

- Obra de lectura: 20%
- Restantes contidos de Lingua e Literatura: 80%

- Participación activa e positiva na aula (realización de tarefas, intervencións e comentarios ...) → Poderán servir para incrementar até un máximo de 1 punto a nota obtida despois de aplicar as porcentaxes anteriores.

Observacións relativas aos "traballos elaborados" e ás "obras de lectura":

No que atinxe aos traballos elaborados, estes serán aqueles obrigatorios que supoñan certo grao de dificultade (comentario de textos, produción textual, produción audiovisual, investigación sobre un tema proposto, exposicións orais...). Estes engadidos, de se daren, serán incorporados ás Actas de Departamento e recolleranse na Memoria final de curso, explicitando o valor que acadan dentro do 80% marcado.

As probas e/ou traballos escritos, audiovisuais ou de calquera outra índole, relativos ás obras de lectura, contarán cun 5 asegurado (Apto) sempre e cando se demostre a lectura/compreensión desa obra, pero @ alumn@ pode acadar unha cualificación que chegue ao 10 porque nelas estarán presentes a valoración da produción textual adecuada ás normas da corrección ortográfico-léxico-gramatical e da coherencia, así como a comprensión, a interpretación e o xuízo crítico acerca de certos aspectos da obra. Estas esixencias adaptaranse sempre ao nivel no que se atopen @ alumn@s.

2.2. Teranse en conta negativamente as faltas de ortografía e as incorreccións gramaticais á hora de valorar as probas e traballos realizados ao longo de todo o ano académico. Por cada falta de ortografía de tipo xeral, incorrección no ámbito textual ou erro gramatical que o alumno cometa nun exame ou control, seranlle restados 0,1 puntos. No caso da acentuación, aplicarase un desconto de 0,1 por cada tres acentos. Queda a criterio de cada docente establecer ou non un límite de puntuación que o alumno poida perder neste apartado.

2.3. Para a promoción a final de curso será necesario acadar un mínimo dun 5 na cualificación global da 3ª avaliación parcial, tras aplicar as ponderacións que se concretaron previamente. Se os rapaces non conseguisen chegar a ese 5, unha proba ou probas de recuperación final do curso, na que, de ser o caso, poderán estar presentes as obras de lectura non aprobadas durante o mesmo.

2.4. O procedemento a seguir para calcular as cualificacións da avaliación final, tras estaren realizadas as probas de recuperación final, de seren precisas, apoiarase nestas pautas:

a) Alumnado suspenso na 3ª avaliación parcial e que ten que asistir ao exame final: nota acadada no exame final.

b) Alumnado xa aprobado na 3ª avaliación:

- Se suspendera algunha das anteriores, só se terá en conta a cualificación aprobada da 3ª.

- Se tiña as anteriores aprobadas, procederase a facer unha media das tres.

- Nos dous casos, para esa nota final, todo este alumnado poderá subir até un máximo de 1 punto por traballo realizado na Aula e/ou na casa que responda ás propostas de tarefas levadas a cabo no tempo transcorrido entre a proba da 3ª avaliación parcial e a avaliación final.

3. Outros aspectos a contemplar para o proceso de cualificación do alumnado:

Se algún alumno non se presentase a algún exame ou control, do tipo que sexa, ou non entregase un traballo na data sinalada, ha de presentar un xustificante médico ou ben algunha proba que o profesor ou profesora correspondente considere xustificativa de tal ausencia. De non ser así, a cualificación que se lle porá ao alumno será a de cero (0) para esta proba ou tarefa.

A utilización exclusiva e preferente dunha lingua que non sexa a galega na maior parte das intervencións orais da aula, influirá negativamente no apartado de cualificacións que está relacionado coa participación activa na clase. Alén disto, a realización dunha proba, exame ou traballo nunha lingua distinta ao galego de forma exclusiva ou maioritaria, implicará un cero (0) nas devanditas entregas.

De darse a situación de que un alumno sexa sorprendido copiando ou empregando calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación desa tarefa ou proba. Isto será aplicable a calquera dos escenarios (presencial, semipresencial ou totalmente virtual).

A promoción e titulación do alumnado de 4º de ESO atenderá tamén os criterios establecidos nas «Concrecións Curriculares de Centro», ademais da Orde do 25 de xaneiro. Nelas desenvólvense de xeito máis concreto e específico os devanditos criterios de promoción e titulación. Así, o Departamento de Lingua galega e literatura seguirá eses

critérios no momento das súas decisións.

Criterios de recuperación:

En primeiro lugar, ao longo do curso, queremos precisar que a materia, ao primaren nela contidos de tipo progresivo e acumulativo, avalíase dun xeito continuado, de maneira que non serán precisas as recuperacións formais, xa que, en cada avaliación, estarán tamén presentes contidos doutras que se consideran troncais para superar esta disciplina. Isto permitirá que cada avaliación aprobada conleve recuperar a anterior, no caso de atoparse aquela supensa. Evidentemente, esta materia obxecto de exame, presente nas probas, explicitaráselle previamente e con claridade ao alumnado, quen será coñecedor da mesma.

En segundo lugar, cómpre ter en conta que, como establece a lexislación en vigor, o período abranguido entre a proba formal da terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, a atención cara ao alumnado que teña a materia suspensa converterase nunha prioridade.

Para a promoción a final de curso, como xa se explicaba no apdo. anterior, o alumnado deberá acadar un mínimo dun 5 na cualificación global da 3ª avaliación parcial, tras aplicar as ponderacións que se concretaron previamente. Se os rapaces non conseguisen chegar a ese 5, arbitrase unha proba ou probas de recuperación final do curso, na que, de ser o caso, poderán estar presentes as obras de lectura non aprobadas durante o mesmo.

Os alumnos e alumnas suspensos, tras estaren realizadas as probas de recuperación final, de acadaren un mínimo dun 5, pasarán a ter recuperada a materia.

- Para esa nota derradeira, o alumnado poderá subir até un máximo de 1 punto por traballo realizado na Aula e/ou na casa que responda ás propostas de tarefas levadas a cabo no tempo transcorrido entre a proba da 3ª avaliación parcial e a avaliación final. Evidentemente esta subida axustarase á calidade dos devanditos traballos e aos resultados acadados.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

Realizada xa a xuntanza de avaliación inicial do alumnado, propuxéronse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao mesmo. Cómpre sinalar que, no que atinxe ao grupo de 3º de ESO, o Dpto. de Orientación non marcou ningunha medida extraordinaria, aínda que se comentaron e explicaron diferentes particularidades para ter en conta desde o inicio de curso. Evidentemente, de se atoparen algunhas situacións específicas sobre as que actuar, faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Cómpre lembrar a existencia dun plan específico personalizado para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Canto ás medidas de aula, segundo se poidan observar necesidades que así o requiran, é o profesorado, co asesoramento e colaboración do Dpto. de Orientación, quen debe planificar outras estratexias e actividades, atendendo as pautas indicadas polo Departamento sinalado, que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salientar:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.
- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Control de apuntamentos, axenda e asemade recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.
- Atención especial nos exames: marcar claramente –e mesmo destacar– as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos - na aula ou fóra dela - coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

En todo o proxecto, tanto nos recursos impresos como nos recursos dixitais, combinaranse procesos cognitivos variados, adecuándonos aos diversos estilos de aprendizaxe do alumnado.

Os exercicios, actividades e tarefas propostas deseñáronse para contribuír a que o alumnado adquira as aprendizaxes de maneira progresiva, partindo da reprodución e o coñecemento, até procesos cognitivos que contribúen a aprendizaxes máis profundas a partir das tarefas propostas.

Cómpre indicar que o libro de texto, así como outros materiais que introducimos na Aula Virtual, achegan actividades de aprendizaxe como as que referimos máis arriba, por exemplo:

- Bancos de textos que ofrecen maior diversidade.
- Amplo abano de actividades graduadas en diferentes niveis de dificultade.
- Fichas de afondamento, para o alumnado que pode ir máis alá do nivel medio da aula ou que manifesta un interese especial.
- Material complementario destinado ao reforzo e á ampliación.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega, sempre que sexa posible e que o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, participará no proceso de atención á diversidade e favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - a comunicación audiovisual		X	X			X	X	
ET.4 - ET.4 - a competencia dixital		X				X	X	
ET.5 - ET.5 - o emprendemento social e empresarial							X	X
ET.6 - ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X	X		X		X		X
ET.7 - ET.7- a educación emocional e en valores		X		X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - ET. 8- a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9- a creatividade		X				X		X

	UD 9
ET.1 - ET.1 - comprensión lectora	X
ET.2 - ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - ET.3 - a comunicación audiovisual	X
ET.4 - ET.4 - a competencia dixital	
ET.5 - ET.5 - o emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - ET.7- a educación emocional e en valores	
ET.8 - ET. 8- a igualdade de xénero	X
ET.9 - ET.9- a creatividade	X

Observacións:

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Esta disciplina prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libros de texto que se usarán en cada curso explicitan actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias dos autores e autoras as actividades relacionadas coas obras literarias dos autores e autoras do primeiro terzo do s. XX vinculados ás Irmandades da Fala, escritores de posguerra como Celso Emilio Ferreiro, sen esquecer os exiliados como Castelao, Luís Seoane, Blanco Amor, etc, até figuras da literatura máis recente a partir de 1978. Algunhas autoras da poesía actual facilitarán, por exemplo, a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e de todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAMAÍN	Colaboración co grupo de teatro do centro que levará a cabo unha representación de relatos de terror, que se desenvolverá na Biblioteca do noso centro. Precisamente temos neste grupo de 4º unha integrante dese grupo teatral, mais todo o grupo asistirá á representación e poderá participar nos días previos na adecuación e ambientación do espazo, procurando crear unha atmosfera máis acaída para este tipo de escenificacións.	X		
RECITEMOS	Recital poético no espazo exterior do centro de poemas de posguerra escollidos polo propio alumnado, aconsellandos e dirixidos pola súa profesora.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
LETRAS GALEGAS E LUÍSA VILLALTA	Nun espazo destacado da Biblioteca e en colaboración con ela, tras unha escolla, expoñeranse as obras da autora homenaxeada no Día das Letras galegas: Luísa Villalta. O blog da Biblioteca servirá para publicitala e animar ao alumnado a achegarse a coñecer algúns títulos desta autora. Farase tamén unha selección de poemas para seren recitados nun pequeno encontro no mesmo recinto.			X

Observacións:

Para o desenvolvemento satisfactorio do currículo, así como para o obxectivo básico de formación do alumnado, considérase de vital importancia a inclusión de determinadas actividades complementarias ou paralelas á aula (preferimos obviar o termo extraescolares, por consideralas absolutamente integradas no concepto de escola, ou de aula aberta).

Estas actividades irán encamiñadas a reforzar a formación humanística, cultural, cívica e intelectual do alumno e da alumna. Considerando así mesmo que o noso Centro pertence a unha comarca con escasas manifestacións culturais polo seu carácter de periferia, a realización destas resulta aínda máis urxente e necesario se cabe.

Tendo en conta que algunhas actividades son conxunturais (medios, actos de carácter excepcional...) o departamento pretende realizar polo menos as seguintes actividades didácticas complementarias:

- Viaxes culturais a algunha cidade galega para a visita dalgunha exposición, representación teatral, filme cinematográfico e itinerario didáctico pola cidade.
- Aproveitamento do espazo interior e exterior do noso instituto, dada a súa alta valía histórica, cultural, arquitectónica e natural. Intentarase educar nos valores de respecto e comprensión do noso contorno máis próximo. Para favorecer a integración neste privilexiado espazo e fomentar unha educación achegada ao medio natural, impartirase nalgunhas ocasións docencia directa no espazo exterior do noso instituto.
- Itinerarios didácticos por vilas e lugares da nosa comarca, para fomentar o coñecemento da realidade máis cercana.

O espírito de interdisciplinidade será prioritario á hora da planificación e realización destas e doutras actividades. Neste sentido, tamén é preciso lembrar que o Departamento de Lingua e Literatura Galegas traballa de forma unida e coordinada co Equipo de Biblioteca do centro (os membros do Departamento forman parte do Equipo), do Grupo de Teatro e do ENDL, favorecendo a participación do alumnado en todas as actividades que estes equipos interdisciplinares organizan.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.

Metodoloxía empregada
Impartíuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Medidas de atención á diversidade
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
Logo de realizarse a avaliación Inicial e de recibir a Información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
Mantívoose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os devanditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En primeiro lugar e antes de nada, quixeramos sinalar que para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior. Alén disto, a estrutura da mesma inclúe os apartados que recollen a Resolución do 26 de maio de 2022, Decreto 156/2022, do 15 de setembro, así como ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro (DOG 13 de xuño de 2023)

Resulta obvio que cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe en cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios do mesmo, a avaliación inicial ofreceunos uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideraron oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esta terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

Serán, por tanto, documentos complementarios a este ao longo do curso as Actas de Departamento, así como ao final a súa Memoria. Nestes aparecerán recollidas as medidas de revisión, adaptación, corrección, modificación, etc. que sufra esta Programación en calquera dos seus apartados no presente curso académico. Estes perfilarán de maneira definitiva o grao de cumprimento do que esta recolle neste comezo de curso. Finalmente, ha de terse presente que o deseño das probas, os criterios de cualificación e promoción, así como os exames das distintas avaliacións ordinarias e extraordinarias virán tamén marcadas por estas modificacións.

En canto á Memoria do curso pasado, esta incorporaba un apartado coa seguinte epígrafe: "Modificacións propostas na Memoria do curso anterior". Estas tivémolas en conta para a elaboración desta PD e podémola concretar deste xeito:

De maneira xeral, nun curso da ESO como é este, propónse un reforzo dos estándares de aprendizaxe relativos á comunicación oral, dadas as carencias observadas no alumnado nos últimos anos, nos que cada vez é máis inusual a presenza de galegofalantes habituais, malia que procedan de familias e contornas que si o son.

9. Outros apartados